UNIVERSIDADE DA CORUÑA

**Declaración de intencións para propostas de programas de doutoramento regulados polo RD 99/2011 (propostas exnovo ou transformación/modificación de programas existentes) a implantar no ano 2027/28**

Normativa reguladora: Real Decreto 99/2011 polo que se regulan as ensinanzas oficiais de doutoramento, e Decreto 222/2011, do 2 de decembro, polo que se regulan as ensinanzas universitarias oficiais no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia.

| | |
|---|---|
| Denominación do programa de doutoramento proposto | **Programa Oficial de Doutoramento en Deseño Industrial** |
| Colaboración de outras entidades (non universidades) | N/A |
| Unidade responsable | Escola Universitaria de Deseño Industrial (EUDI) |
| Datos do coordinador do programa | Nome e apelidos: Rodrigo Martínez Rodríguez |
| | Email: rodrigo.martinez.rodriguez@udc.es |
| | Teléfono de contacto: 686358803 |
| | Nº de teses dirixidas: 2 |
| | Nº Sexenios: 2 |
| | Categoría profesional: Profesor Titular de Universidade (Contratado como Axudante Doutor LOSU na UDC) |
| Necesidade, interese e obxectivos do programa e xustificación do programa | A Escola Universitaria en Deseño Industrial (EUDI) da Universidade da Coruña, integrada no Campus Industrial de Ferrol, conta con preto de tres décadas de experiencia na formación de profesionais e na xeración de coñecemento no ámbito do deseño industrial. Dende o seu inicio en 1998 coa Enxeñaría Técnica en Deseño Industrial, a súa evolución cara ao Grao en Enxeñaría en Deseño Industrial e Desenvolvemento do Produto, e a incorporación recente do Mestrado Universitario en Enxeñaría en Deseño Industrial, a Escola consolidou un modelo académico de éxito que combina rigor, creatividade e transferencia tecnolóxica.<br><br>Este bagaxe materializouse nunha intensa colaboración co tecido empresarial, impulsando proxectos que trasladaron a innovación dende as aulas á industria. O deseño industrial, como disciplina madura e estratéxica, sitúase hoxe no centro dos retos contemporáneos: sustentabilidade, dixitalización, transición cara a modelos circulares e adaptación a novas capacidades produtivas. Neste contexto, a creación do Programa de Doutoramento en Deseño Industrial responde á necesidade de articular unha investigación avanzada que fortaleza a competitividade industrial e a calidade de vida da nosa sociedade.<br><br>A continuación, expóñense os obxectivos xerais do programa:<br>- Formar investigadores en deseño industrial capaces de desenvolver liñas de investigación propias con rigor científico, contribuíndo á consolidación de perfís académicos neste ámbito.<br>- Xerar coñecemento orixinal e relevante que impulse a evolución do deseño industrial como disciplina estratéxica, abordando retos industriais, sociais e culturais.<br>- Fomentar a transferencia de coñecemento cara á industria e á sociedade, reforzando o papel do Campus Industrial de Ferrol como motor de innovación e competitividade.<br>- Contribuír á mellora da calidade de vida mediante solucións que |

**Declaración de intencións para propostas de programas de doutoramento regulados polo RD 99/2011 (propostas exnovo ou transformación/modificación de programas existentes) a implantar no ano 2027/28**

<table>
<tr><td></td><td>integren sustentabilidade, tecnoloxía e deseño centrado nas persoas, en liña cos principios do deseño responsable.<br>- Promover a internacionalización e a colaboración interdisciplinaria, facilitando a participación en redes científicas e proxectos que conecten deseño, enxeñaría e novas tecnoloxías.<br><br>Por outra banda, a programa responde á esixencia de ofrecer unha formación doutoral avanzada, orientada á investigación e á transferencia, consolidando a autonomía universitaria para deseñar titulacións adaptadas ás fortalezas do Campus Industrial de Ferrol. Con isto, asegúrase a pertinencia social e científica do programa, aliñando as súas liñas de investigación cos principios de innovación, sustentabilidade e competitividade que a normativa establece como prioritarios.</td></tr>
<tr><td rowspan="2">É a proposta unha transformación dun programa existente ou unión/refundición de programas existentes regulados polos RD 56/2005, RD 1393/2007 ou RD99/2011?</td><td>☒ Non, indicar o número de teses defendidas no período 2022-2025 dirixidas polos propoñentes.</td></tr>
<tr><td>☐Si, indicar nome/s do/s programa/s de doutoramento existentes, o número de alumnos matriculados por curso académico no/s programa/s no período 2022-2025, e número de teses defendidas no/s programa/s no período 2022-2025. Indicar tamén se o/s programa/s de doutoramento posúe/n a Mención hacia a Excelencia.</td></tr>
<tr><td>Investigadores doutores implicados na iniciativa</td><td>A premisa desta proposta será contar con todos os profesores doutores da Escola Universitaria en Deseño Industrial que cumprindo os criterios exixidos para formar parte do programa, e ainda participando noutros programas de doutoramento, precisamente polo carácter multidisciplinar tanto do centro como do deseño, desexen formar parte do mesmo. O listado que se propón a continuación e provisional, e prevese polo tanto que se impliquen máis PDIs dos citados.<br><br>Listaxe provisional:<br><br>Rodrigo Martínez Rodríguez / AXU-DOU LOSU (Acred. TIT-UN) / 2 Sexenios / 2 Teses + 1 en depósito<br><br>Paula Fernández Gago / AXU-DOU LOSU (Acred. PCD) / 1 Sexenios / 1 Tese en depósito<br><br>Álvaro Deibe Díaz / TIT-UN / 3 Sexenios / 2 Teses<br><br>María de las Nieves Pedreira Souto / TIT-UN / 2 Sexenios / 1 Tese<br><br>Jesús Cardenal Carro / TIT-UN / 2 Sexenios / 3 Teses<br><br>Jose Antonio Pérez Rodríguez / TIT-UN / 3 Sexenios / 1 Tese<br><br>María del Mar Toledano Prados / TIT-UN / 2 Sexenios / 3 Teses<br><br>Manuel Martínez Carballo / PPL-LOSU / Méritos equiparables / 1 Tese<br><br>José Ramón Méndez Salgueiro / TIT-UN / Méritos equiparables</td></tr>
<tr><td>Liñas de investigación</td><td>1. Deseño para a industria e a sociedade. Investigación orientada á conceptualización de solucións que respondan aos retos actuais da industria, da sociedade e da empresa. Inclúe o desenvolvemento de estratexias de innovación baseadas en novas capacidades produtivas, a integración do usuario no proceso de deseño e a creación de produtos e servizos que impulsen a transición cara a modelos sostibles e circulares. Ademais, aborda enfoques críticos do deseño e</td></tr>
</table>

| | |
|---|---|
| | da cultura material contemporánea.<br><br>Responsable: Rodrigo Martínez Rodríguez<br><br>**2. Proceso de deseño e liderazgo**. Investigación en metodoloxías de deseño e métodos avanzados na xestión do deseño, incluíndo a xestión integral de proxectos de deseño. Analiza as fases do proceso de deseño, a toma de decisións e a incorporación do deseño como recurso estratéxico en contextos organizativos.<br><br>Responsable: Paula Fernández Gago<br><br>**3. Tecnoloxías para o deseño e desenvolvemento de produtos.** Investigación na aplicación e desenvolvemento de tecnoloxías emerxentes que redefinen a práctica do deseño industrial. Inclúe intelixencia artificial xerativa para a exploración e optimización de solucións, fabricación avanzada e procesos aditivos, novos materiais funcionais e sostibles, deseño computacional para simulación e xeración paramétrica, así como ecosistemas IoT que conectan produtos e servizos intelixentes.<br><br>Responsable: Álvaro Deibe Díaz |
| Proposta da composición da Comisión Redactora/Académica do Programa de Doutoramento | |
| Presidente/a | Rodrigo Martínez Rodríguez / AXU-DOU LOSU / 2 Sexenios |
| Secretario/a | Paula Fernández Gago / AXU-DOU LOSU / 1 Sexenios |
| Vogais (incluir tantas filas como sexan necesarias) | Álvaro Deibe Díaz / TIT-UN / 3 Sexenios |
| | María de las Nieves Pedreira Souto / TIT-UN / 2 Sexenios |
| | Jesús Cardenal Carro / TIT-UN / 2 Sexenios |
| | Jose Antonio Pérez Rodríguez / TIT-UN / 3 Sexenios |
| | María del Mar Toledano Prados / TIT-UN / 2 Sexenios |
| | José Ramón Méndez Salgueiro / TIT-UN / Méritos equiparables |
| | Manuel Martínez Carballo / PPL-LOSU / Méritos equiparables |

Enviar en formato electrónico aos seguintes enderezos da Escola Internacional de Doutoramento: oficina.doutoramento@udc.es e direccion.eid@udc.es.

A **data límite** de recepción na EIDUDC da declaración de intencións tanto para novas propostas como transformacións dos autorizados/verificados segundo o RD 56/2005, RD 1393/2007 ou RD 99/2011 e que se pretendan implantar no curso 2017-2018 é o **12 de febreiro de 2016** as 15:00 horas.